



# Conseguimos rebaixar os recibos do IBI !!!



Gonzalo Constenla, portavoz municipal brindando cos veciños e viciñas da Estrada

**Tras dez meses de loita pola suba desmesurada dos recibos da contribución, que remataron no mes de agosto cando o BNG aprobou en solitario a modificación da ordenanza do IBI, os veciños e viciñas da Estrada e o BNG conseguimos o obxectivo de aplicación dunha redución 37% nos recibos da contribución, até que se redacte unha nova Ponencia de Valores, de todos os inmóbeis da vila. A partir deste ano, pois, non volveremos ter que pagar a brutal suba que experimentaran os recibos o pasado ano.**

A medida acadada, pese aos atrancos do PP e mais do PSOE, é un acto de xustiza para paliar provisionalmente o abuso que desde o ano 1996 levamos padecido os estradenses. Naquel entón, o alcalde Ramón Campos, co apoio do seu grupo de goberno, asinou unha Ponencia de Valores que chega a aumentar nun 300% os valores reais dos nosos inmóbeis, iso sen contar cos centos de erros que contén a ponencia. Se en 1996 o PP asinaba tal ponencia, en 1999 subía o tipo impositivo ao 0,25%, pero foi en xullo de 2003 cando o PP coa axuda do PSOE, fixaron o tipo no 0,4%, o que equivalen a un 60% de incremento nos recibos da contribución de 2003.

Con todo, os veciños e viciñas da Estrada esperaban que o Goberno do PP recapacitase e múdase unha situación que era insostíbel para moitas familias, que

vían como a pensión ou o soldo dun mes se lle ía en pagar a contribución, pero o PP, aínda que tamén o PSOE, deron as costas aos viciños. Deste xeito, contando coa única axuda do BNG, os viciños e viciñas da vila da Estrada reuníronse e organizáronse para plantarlle cara ao goberno do PP, que recibiu a inestimábel axuda do PSOE.

Ante unha situación sen saída, a veciñanza optou pola única vía de presión posíbel, o peche no Concello, e tras 49 días de vixilia permanente na percura dunha solución xusta para o seu problema, conseguir arrincar un acordo que logo PP e PSOE se negaron a cumprir. Pero os viciños e viciñas da vila da Estrada non estaban sós nesta loita, contaban co BNG para levar a diante unhas reivindicacións que nós asumimos xa desde 1996. **O BNG actuou responsabilmente tendo que facer as veces de oposición única** (o PSOE fixo un escandaloso seguidismo do PP) **e de goberno** (o PP non quería cumprir o acordado) **e tivo que ser o BNG quen aprobou en solitario a modificación da disposición transitoria da ordenanza do IBI que supón unha rebaixa do 37% no recibo da contribución do 2004** e mentres non se redacte unha nova Ponencia de Valores xusta e veraz, un obxectivo que nos debemos de marcar a partir deste momento.

## A ameaza dun recurso por parte do PSOE

A día de hoxe, e tras varios intentos de botar abaixo o acordo, **as ameazas de PP e PSOE de que a redución dos recibos non se podería materializar resultaron infrutuosas**. Finalmente, os recibos están chegando ás nosas casas coa redución aprobada polo BNG no Pleno da Corporación. Agora, **só unha actitude revanchista e inxusta do PSOE, a través da Delegación do Goberno Central en Galiza**, podería materializarse na presentación dun contencioso administrativo contra o Concello. Pero ademais de tremendamente impopular e antiprogresista, **o contencioso tería un longo trámite, non podería ter efectos retroactivos e, cando finalmente se dirimise, suponse que xa teríamos unha nova e xusta Ponencia de Valores**, cuns recibos axustados á realidade. Portanto, non serviría para nada e só suporía unha medida á desesperada que o PSOE debiera meditar moito antes ousar a poñela en práctica.



### De 1996 a 2004:

#### Cronoloxía de oito anos de conflito

- **1996:** o PP aproba unha Ponencia de Valores cargada de erros. A presión veciñal consegue que, polo menos, os recibos se reduzan cun tipo impositivo do 0,20%.
- **1999:** o PP sobe o tipo impositivo ao 0,25%.
- **1999-2003:** O BNG exige en reiteradas ocasións a modificación da Ponencia de Valores para evitar un novo catastrazo. O PP di que os valores son correctos.
- **Abril de 2003:** o BNG convoca a primeira asemblea informativa para intentar frear a suba do IBI.
- **Xullo de 2003:** o PP e o PSOE fixan o tipo impositivo no 0,40%, un 60% máis, nos recibos da contribución a pagar nese ano. Para o rural, PP e PSOE introducen bonificacións pero néganse a darlle un trato igualitario á vila.
- **Novembro de 2003:** o BNG convoca máis asembleas informativas; comeza a recollida de sinaturas.
- **8 de decembro de 2003:** o PP non convoca o Pleno ordinario dese mes.
- **19 de decembro de 2003:** os viciños e viciñas da Estrada péchanse no Concello para exixir unha solución á suba do IBI.
- **22 de decembro de 2003:** o BNG presenta no rexistro máis de 1.700 sinaturas para tentar frear a suba da contribución; remata o período de pago voluntario do IBI.
- **24 de decembro de 2003:** o peche continúa malia ser día de Noiteboa.
- **25 de decembro de 2003:** **Bieito Lobeira**, deputado do BNG, visita aos viciños o día de Nadal.
- **29 de decembro de 2003:** entrevista dos Concelleiros do BNG, Gonzalo Constenla e Raquel López Doce, e tres representantes dos viciños, Manuel Constenla, José Neira e Concha Quintero, acompañados polo deputado nacionalista Bieito Lobeira, **entrevístanse co Valedor do Pobo.**
- **31 de decembro de 2003:** Fin de Ano reivindicativo.
- **12 de xaneiro de 2004:** Unha multitude acode ao Pleno da Corporación Municipal. O PP e o PSOE rexeitan unha moción de BNG na que se solicitaba unha rebaixa do 37,5% no recibo do IBI. Os viciños deciden seguir co peche.
- **18 de xaneiro de 2004:** Contribución Solución!!!, este era o lema da pancarta dunha das maiores manifestacións celebradas na vila da Estrada.
- **9 de Febreiro de 2004:** **Fin do peche!!!.** Os viciños e viciñas poñen fin ao peche no Concello logo da ratificación en Pleno e por unanimidade dun decreto co que se crea a Comisión Mixta de Estudo das Valoracións contidas na Ponencia de Valores Catastrais, que se encargará de darlle unha solución ao conflito.
- **Febreiro-Maio 2004:** a **Comisión do IBI,**

**presidida polo BNG,** elabora e aproba un informe técnico que demostra a sobrevaloración xeralizada no casco urbano da Estrada e solicita do Catastro a aplicación dos coeficientes redutores.

- **30 de maio de 2004:** A Xerencia Territorial do Catastro négase a corrixir as sobrevaloracións.

- **7 de xuño de 2004:** A Comisión do IBI aproba solicitar do Pleno a redución do 37'5% en todos os recibos do IBI, sen o apoio do PP e o PSOE.

- **15 de xuño:** O Pleno da Corporación, ategado de público, aproba a solicitude da Comisión, coa abstención do PP.

- **Xullo 2004:** O BNG propón modificar a Ordenanza do IBI para introducir a redución aprobada no seu momento. O PP intenta frear a proposta e encarga varios informes. Nun deles propónse a revogación dos recibos pero o PP e PSOE pretenden que só se revoguen un 10% deles. O BNG móstrase disposto a aprobar a revogación se esta é total. PP e PSOE exíxenlle ao BNG que o Pleno da Corporación anule os acordos chegados no mes de febreiro, é dicir, o compromiso de redución de todos os recibos. O BNG non acepta a chantaxe e segue adiante coa proposta da Comisión.

- **9 de agosto de 2004:** Tras a negativa do Catastro de solucionar a sobrevaloración e varios intentos de PP e PSOE de abortar unha solución ao conflito, **apróbase, cos únicos votos favorables do BNG, a modificación da ordenanza reguladora do IBI introducindo unha disposición adicional transitoria, coa que se procede a reducir a cota do imposto do IBI de natureza urbana dos inmóbeis da vila nun 37,5%** até o momento no que se aprrobe e entre en vigor unha nova Ponencia de Valores para este Concello, tal e como o Pleno da Corporación acordara no mes de febreiro.

- **13 de setembro de 2004:** Tras varios intentos por parte do PP e PSOE de que algún organismo oficial presentase un recurso, chega ao Concello un **requerimento do goberno do PSOE** para que se anule o acordo. O PP móstrase partidario de atender o requerimento

- **16 de setembro de 2004:** O BNG descobre que o escrito do goberno do PSOE está fóra de prazo e, portanto, non ten validez ningunha.

- **19 de outubro de 2004:** Publícase no Boletín Oficial da Provincia a aprobación definitiva da modificación da ordenanza, ao non terse recibido ningunha alegación contra dela no prazo regulamentario.

- **29 de outubro de 2004:** Emítense e comezan a chegar aos domicilios estradenses os recibos do IBI coa redución aprobada polo BNG. Queda conseguida, pois, a solución provisoria ao problema.

- **Novembro de 2004:** Ante a próxima aprobación do PXOM, faise necesario comezar a elaborar unha nova Ponencia de Valores que poña fin definitivo a 8 anos de inxustizas.



## Por un PXOM en beneficio do interese xeral

**A Estrada precisa, con urxencia, contar cun Plano Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), para proxectar cara ao futuro o necesario desenvolvemento económico, a calidade de vida e o benestar da cidadanía, sempre en consoancia co respecto polo medio ambiente. Os sucesivos gobernos do PP foron incapaces de solucionar o grave problema que afronta o noso concello, cunhas normas obsoletas, alegais e que levan impedindo o despegue d'A Estrada desde hai moitos anos.**

Contamos cun territorio amplo e diverso, cuns recursos materiais e humanos moi destacábeis, unhas inmillorábeis condicións para o desenvolvemento dunha agricultura labrega de calidade, unha explotación florestal produtiva e racional, dunha industria punta, sobre todo no sector do móbel, dun sector comercial puxante e dinámico... e sen embargo, o PP obvia todas estas potencialidades e, primeiro adia por anos --cuns resultados moi ligados ao fenómeno especulativo, que están ben á vista-- e mesmo bota abaixo sucesivos intentos de aprobación dun PXOM. Agora, **acosados pola insostíbel situación de caos, paralización e retroceso do noso concello, apoia, consinte e mesmo defende o escandaloso traballo dunha empresa (ADIU)** que, a xuízo non só do BNG, se non de moitos estradenses, en vez de solucionarnos o grave problema da parálise urbanística, nos crea outros máis graves, por se non tivésemos abondo.



Vista da Rúa San Paio

Ao longo destes dous meses de exposición pública, o BNG puido ter ocasión de contrastar in situ, con moitos veciños e colectivos estradenses, que,

coincidindo na necesidade de que urxentemente se aprobe un PXOM para A Estrada, **o PP terá que rectificar moitas das propostas alí incluídas, escoitar o clamor popular manifestado a través dos centos e centos de alegacións presentadas e cambiar a súa estratexia de fuxida cara adiante.** Con esa intención, **o BNG presentou no Concello as súas alegacións**, que a seguir se expoñen. Están concibidas desde unha perspectiva xenérica, pero que abrangue a maior parte das que individual ou colectivamente presentaron os cidadáns, e servirán para darlles unha cobertura xeral e un reforzo argumentativo a todas elas.

Estamos coa xente da Estrada e, xunto con ela, desde a nosa presenza institucional, imos tentar cambiar este PXOM para que A Estrada conte, o máis axiña posíbel, cun instrumento que lle asegure un futuro próspero, de benestar, e respectuoso cos intereses colectivos.

### As Alegacións do BNG

#### No rural:

- Inclusión dos 473 núcleos rurais tradicionais (lugares) cos que conta o Concello da Estrada (so se recollen 417).
- Deseño das áreas de expansión segundo o disposto na Lei 9/2002 (liña paralela ao perímetro do núcleo rural a 200 m. do mesmo) se os veciños/as non teñen manifestado de forma colectiva outro deseño para a expansión do seu núcleo
- Incluír áreas de expansión en todos os núcleos, agás que os veciños/as manifestaran non precisar máis terreos urbanizábeis, mesmo en zoas afectadas por procesos de concentración parcelaria, atendendo ao disposto na propia Lei 9/2002, artigos 32.2.a) e 95.2.; procedendo a realizar, no seu caso, as oportunas xestións con Estruturas Agrarias para excluír do proceso de concentración os terreos sinalados polos veciños/as como destinados a área de expansión
- Redución da parcela mínima ao definido na Lei 9/2002, isto é 300 m. en núcleo e 600 m. en área de expansión, e non 500 e 1.00 mts. respectivamente.
- Argumentación e xustificación diante da COTOPV do carácter local dos viais cuxo percorrido transcorra integramente no termo municipal da Estrada (son vías inter-parroquiais na súa maioría) independentemente da súa titularidade, e xa que logo, cando proceder, incluír áreas de expansión



anexas a estes viais.

- Elaborar unha Ordenanza específica que garanta o mantemento da actividade económica "Artesanía da Madeira" na parroquia de Berres e do emprego vinculado á mesma, recoñecendo as súas peculiaridades e a compatibilidade da mesma co resto dos usos permitidos no rural.

### Na Vila, en Solo Urbano Consolidado:

- Incrementar as zonas de aparcamento público en superficie, situándoas no contorno das zonas comerciais e en número suficiente para cubrir a demanda actual e futura no curto-medio prazo, consensuando coa ACOE.
- Con carácter xeral, tal como recolle a propia Lei 9/2002, a altura máxima das edificacións non será superior ao ancho da vía na que estean situadas.
- Definir a densidade de poboación máxima e nas zonas saturadas reducir as alturas máximas, sentando as bases para que no futuro se poidan dar as condicións de calidade urbana axeitadas.
- Suprimir a **obrigatoriedade** de esgotar a edificabilidade máxima
- Permitir a construción de vivendas unifamiliares en solo urbano (na situación actual so se permiten vivendas colectivas)

### En Solo Urbano Non Consolidado:

Todos os novos viais terán o ancho mínimo que fixa a Lei 9/2002, isto é 16 m.

- Incluír a Ordenación detallada dos SUNCs e a división dos mesmos en sectores a fin de que se poidan executar directamente sen a necesidade de planeamento de desenvolvemento como recolle a Lei 9/2002.
- Delimitar en cada SUNC o 20 % do solo que ten que ser destinado a vivendas de promoción pública como determina a Lei.

### En Solo Urbanizábel Delimitado:

- Desenvolver o deseño dos polígonos, dividilos en unidades menores -sectores- tamén desenvolvidas para facilitar a súa execución
- Delimitar en cada SUNC o 20 % do solo que ten que ser destinado a vivendas de promoción pública como determina a Lei 9/2002.
- Establecer algunha zona na que se permitan edificar vivendas unifamiliares illadas

### En canto ao Solo Industrial:

- Delimitar dous polígonos industriais públicos máis nas zonas norte (Arnois-Orazo) e sur (Codeseda) do Concello, de xeito que se promova un medre equilibrado e o asentamento de poboación no rural estradense.

- Fixar a ocupación máxima nos 2/3 como fixa a Lei 9/2002 e non no 50 % -como consta nas ordenanzas.

### Bens culturais:

- Cómpre realizar unha ampliación do Catálogo de Bens Culturais, xa que no mesmo se observan ausencias de edificacións e elementos patrimoniais de gran valor, xa arquitectónico (por exemplo a igrexa de Paradela), xa histórico-cultural (non se cataloga ningunha das Escolas Rurais promovidas polos indianos, a de Rubín, a de Sequeiros (Lamas), por exemplo).
- Nas normas non se especifican, tal como indica a Lei 9/2002, os elementos que definan a necesidade e procedencia de Plans Especiais (reprodúcese unicamente o articulado da Lei e non se fai o que nela se indica).
- Nas normas non se definen os elementos que se toman como referente para determinar o grao e tipo de protección (integral ou parcial).
- Con carácter xeral a protección debe estenderse ao contorno e non so ao edificio, en especial consideramos que debe darse un tratamento integral ao contorno en casos coma a praza "Porta do Sol", a rúa Calvo Sotelo, etc.

### En canto ao Estudo Económico-financieiro:

- Realizar as correccións oportunas no "Tomo XV: Estratexia de actuación e estudo económico" de xeito que se garanta a súa solvencia e executabilidade.
- Incluír, ademais do orzamento preciso para a adquisición dos terreos do P.I. de Toedo os custes da urbanización dos mesmos
- Redefinir as prioridades (1. Aparcadoiros públicos en superficie, 2. Solo Industrial, 3. Cemiterio, 4. Zonas Verdes) e establecer como sistema de actuación nos SUNC o de Cooperación (non figuran os sistemas de actuación, cando é preceptivo por lei).

Máis Información en na nosa web:  
[www.bnega.info/aestrada](http://www.bnega.info/aestrada)

**Se desexas recibir máis información, escríbenos indicando os seguintes datos:**

Nome e Apelidos: \_\_\_\_\_

Enderezo: \_\_\_\_\_

CP: \_\_\_\_\_ Localidade: \_\_\_\_\_

**Bloque Nacionalista Galego de A Estrada**

R/ Xusto Martínez, 12-1º - 36680 A Estrada

Teléfono: 986590002

Correo: [estrada@bng-galiza.org](mailto:estrada@bng-galiza.org)